


**MELLADO BLANCO, Carmen e GUTIÉRREZ RUBIO, Enrique (eds.) (2020):** *Nuevas aportaciones de la Gramática de Construcciones a los estudios de fraseología en las lenguas románicas*. Volume monográfico de *Romanica Olomucensia* 32/1. ISSN (papel) 1803-4136, ISSN (online) 2571-0966; 230 páxinas.



Este número monográfico da revista *Romanica Olomucensia* ten a súa orixe no congreso internacional *EUROPHRAS 2019 Productive Patterns in Phraseology*, celebrado en xaneiro de 2019 na Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro da Sociedade Europea de Fraseoloxía («Europäische Gesellschaft für Phraseologie», EUROPHRAS). En concreto, os editores da obra son Carmen Mellado Blanco, coordinadora do evento, e Enrique Gutiérrez Rubio, participante no mesmo e director da mencionada revista. Os dous son coñecidos investigadores no eido fraseolóxico polo que non necesitan presentación, como sucede tamén coa maioría dos investigadores que colaboran neste número.

A obra consta dunha introdución (pp. 1-12), da que son responsables os editores, e de dez traballos rigorosamente seleccionados. A maioría (6) foron presentados no mencionado congreso; outros catro son resultado dunha convocatoria aberta realizada entre especialistas, como se nos sinala na introdución.

Esta introdución actúa como un estudo preliminar, no que os editores dan conta do proceso de elaboración do monográfico, a partir dunha das seccións de que constaba o congreso, a saber, *Pragmatics*, *Cognitive Linguistics*, *Corpus Linguistics* e *Construction Grammar*. Esta última, a Gramática de Construcións, é a que fornece os traballos seleccionados, actuando como tema unificador dos artigos que integran o volume.

A Gramática de Construcións non é especialmente coñecida, polo que resulta sumamente interesante a presentación que dela realizan Carmen Mellado e Enrique Gutiérrez no apartado “Gramática de Construcciones y fraseología: estado de la cuestión”, onde se dá conta dos antecedentes e do desenvolvemento deste modelo lingüístico en Estados

Unidos e Europa e da súa especial relevancia para enlazar cos estudos fraseolóxicos desde unha perspectiva semántico-pragmática que supera a meramente formal.

Isto é así porque, como sinalan os editores (p. 4):

*para la Gramática de Construcciones, la idiomática no es una manifestación anómala del significado, sino un fenómeno totalmente frecuente y regular. Es opinión reconocida que la corriente constructorista, nacida como reacción al Generativismo y como continuación de muchos de los postulados de la Lingüística Cognitiva, surge del afán por buscar explicación y un emplazamiento digno a las unidades fraseológicas dentro del sistema lingüístico. Tal tarea había sido declarada como imposible por los generativistas debido a la falta de regularidad sintáctica y/o semántica de dichas unidades.*

No polo da fraseoloxía existen, igualmente, unha serie de unidades non totalmente fixadas, que permiten certa variación ou casas baleiras, que reciben diversas denominacións como as de *esquemas fraseolóxicos*, *creacións locucionais analóxicas*, *locucións con casas baleiras*, *esquemas sintácticos fraseolóxicos* etc. (máis abaixo veranse outras etiquetas terminolóxicas). Estas unidades que son, xeralmente, englobadas na periferia das unidades fraseolóxicas por carecer dalgunhas propiedades prototípicas das mesmas (pola súa produtividade e falta de fixación total) son as que máis directamente permiten un tratamento construtivista. Así, baixo etiquetas como *constructional idioms*, *partially lexically filled phrasal patterns*, *Phrasem-Konstruktionen* ou *construcciones fraseolóxicas* a Gramática de Construcións favorece un achegamento completo a estas unidades situadas a medio camiño entre a sintaxe libre e as unidades fraseolóxicas, o que pode permitir “solucionar algunhas incoherencias sobre a fijación, la productividad y la variabilidad que se planteaban en la teoría fraseológica tradicional” (p. 4).

Ábrese así, no marco desta corrente lingüística, unha liña de investigación interesante na que aínda se deben resolver moitas cuestións relacionadas coa distinción entre enunciados creativos xerados a partir das regras abstractas da sintaxe e aqueles outros que seguen un modelo, un patrón, un esquema semifixado. Os traballos aquí reunidos son avances importantes nesta dirección. Trátase de dez artigos que, aínda que presentan diferenzas teórico-metodolóxicas, mostran mediante o estudo dun numeroso conxunto de construcións de diferentes linguas románicas (español, francés, italiano, catalán; tamén o alemán) a relevante contribución que pode prestar para os estudos fraseolóxicos a Gramática de Construcións (debemos sinalar que a inclusión dalgúns dos traballos no eido da fraseoloxía esixe partir dunha visión moi ampla do que é unha unidade fraseolóxica).

Outra característica compartida polos traballos incluídos na obra é a utilización dos corpus como fonte de documentación, o que permite estudos cualitativos pero tamén cuantitativos. Deste xeito, a obra mostra como unha metodoloxía multidisciplinar, na que están presentes a Gramática de Construcións, a Lingüística de Corpus e a Fraseoloxía, pode actuar co obxectivo de acadar unha análise completa dunhas unidades ata o momento pouco estudadas.

Para finalizar esta presentación, cabe sinalar que do conxunto de achegas que configuran a introdución e os dez artigos incluídos se pode extraer unha moi completa bibliografía para quen estea interesado na Gramática de Construcións e en facetas da Fraseoloxía que se apartan do estudo prototípico. Do mesmo xeito, a suma de introducións presentes en tódolos capítulos conforman unha aceptable presentación da Gramática de Construcións.

O primeiro traballo recollido neste volume monográfico (pp. 13-28) é “Fijación fraseolóxica de construcciones con contenido procedimental”, de Catalina Fuentes Rodríguez (Universidade de Sevilla). Nel, a coñecida investigadora pon de manifesto as relacións existentes entre a fraseoloxía e a análise do discurso, pois centra o traballo no proceso que leva á formación de unidades fraseolóxicas que funcionan como operadores discursivos. Así, no apartado introdutorio mostra como, do mesmo xeito que a fixación converte moitas unidades fraseolóxicas en unidades morfosintácticas (locucións), noutros casos o resultado final son marcadores discursivos. De entre os marcadores discursivos, as unidades analizadas neste traballo teñen carácter procedemental, é dicir, “aportan un contenido inferencial al discurso y facilitan la interpretación” (p. 14, n. 1). A investigación enmárcase no ámbito da Macrosintaxe e da Lingüística Pragmática, por canto a análise se centra no proceso de gramaticalización que desde unidades libres, pasando polo estado intermedio de construcións, conclúe formando unidades fraseolóxicas de carácter procedemental. En concreto, as unidades analizadas son *mira qué bien, como si lo viera e como si nada*, das de que realiza un completo estudo con datos obtidos dos corpus CREA, CORPES e MesA. Nese estudo mostra a diversidade de usos de cada unha desas unidades fraseolóxicas, describindo de forma ben documentada o proceso de gramaticalización de xeito que dá cumprida conta dos valores propios que presentan como formas libres e dos que van acadando como resultado do proceso de fixación (operadores de comentario nos primeiros casos, operador argumentativo no último).

O segundo artigo (pp. 29-50), “Une approche constructionniste de la composante pragmatique des pragmatèmes : le cas des pragmatèmes *apposés*”, está elaborado por M<sup>a</sup> Isabel González-Rey (Universidade de Santiago de Compostela), directora da revista en que se publica esta recensión. Este estudo entronca directamente coa Gramática de Construcións. En concreto intenta mostrar a importancia que o compoñente pragmático debería ter neste modelo metodolóxico, no que normalmente ocupa un lugar secundario detrás do sintáctico e do semántico, contradicindo así os propios principios desta corrente onde son indisolubles o estudo da forma, do contido e do uso. Para acadar tal propósito considera que os pragmatemas, polas súas características, están especialmente indicados para servir de modelo. O termo *pragmatema* (tomado de Mel’čuk) alude a un tipo de *frasesmas*: “le pragmatème est essentiellement une unité phraséologique qui s’actualise dans le discours sous la forme d’un énoncé syntactiquement autonome, mais dont le figement formel, sémantique et pragmatique le rend dépendant de la situation d’énonciation” (p. 31). Correspóndese en liñas xerais co máis coñecido de *fórmula rutinaria*. Dentro dos pragmatemas, as unidades estudadas son os pragmatemas “*apposés*”, é dicir, fixados nun cartel, tales como anuncios publicitarios (p. ex. *À paraître, À vendre, En vente, Prochainement au cinéma, Soldes*), carteis dos restaurantes (p. ex. *Menu*

*du jour, Heures Joyeuses*), etiquetas (p. ex. *À consommer avant le..., Fait Maison*), embalaxes (p. ex. *Fragile*), paneis de información (p. ex. *Accueil, Caisse, Information, Centre infotouristique, Renseignements*), de indicación (p. ex. *Ascenseur, Emplacement réservé, Parking privé, Parking sous vidéosurveillance, Toilettes/WC*), de orientación (p. ex. *Arrêt Bus, Centre-ville, Gare routière*), de prohibición (p. ex. *Défense de fumer, Ne pas marcher sur les pelouses*), sinais de circulación (p. ex. *Stop, Danger*) e similares. Neste marco, a profesora González Rey agrupa as unidades seleccionadas en catro series: A) *Stop, Danger*, B) *Merci de ne pas/Prière de ne pas/Interdit de/Interdiction de/Il est interdit de marcher sur la pelouse*, C) *Entrez C'est ouvert, Entrez sans sonner* e D) *Peinture fraîche, À paraître*. Como vemos, en moitos casos combinanse mensaxe escrita e icona representativa, polo que a información ás veces é redundante, ao tempo que cada unidade está fixada a unha situación contextual determinada.

A pesar de pareceren unidades sinxelas, no seu estudo a profesora González Rey mostra que, en realidade, presentan unha complexidade comunicativa da que dá conta mediante a aplicación de conceptos como os de *escenario pragmático* de Legallois, *cadea causal e modalidade de causalidade perlocutiva* (ou *efectos perlocutivos*) de Verlesch, realizando deste xeito unha análise completa na que se ten en conta a intención ilocutiva do emisor, o efecto perlocutivo no receptor e o tipo de acto enunciativo. Como conclusión, pode diferenciar dous tipos de *pragmatemas receptivos comportementais* (así os denomina, porque o destinatario debe responder cunha acción, non con palabras): os de tipo *directivo* (series A, B) e os de tipo *exhortativo* (series C, D).

A terceira aportación (pp. 51-72), “*Tal vez es X vs. Tal vez sea X. Construcciones de probabilidad y el uso de los modos*”, corresponde a Anja Hennemann (Universidade de Potsdam). Como indica o título, o traballo céntrase na alternancia modal indicativo/subxuntivo en construcións de probabilidade. Como sabemos, a oposición modal, especialmente indicativo/subxuntivo, é obxecto dunha bibliografía inabarcable tanto no ámbito da lingüística xeral como no da lingua española. O que caracteriza o estudo é o enfoque utilizado, o da Lingüística Cognitiva de Construcións (CCxG), o que xustifica a inclusión neste volume. A selección deste modelo está determinada polo feito de que, dado que a lingüística cognitiva se ocupa xeralmente das formas nas que os usuarios da lingua conceptualizan o mundo desde o seu punto de vista, a categoría modalidade préstase de xeito natural a unha análise lingüística cognitivo-construcionista.

Deste xeito, a partir dos datos proporcionados polos corpus CREA, CORPES XXI e o Corpus del Español (CdE) realiza unha análise exhaustiva de tipo cualitativo de diferentes construcións de probabilidade do español introducidas polas formas *sin duda, probablemente/posiblemente e tal vez* nas que é posible a alternancia indicativo/subxuntivo. Dado que a alternancia de modos implica a existencia de dúas construcións diferentes (polo *Principle of No Synonymy of Grammatical Forms* de Bolinger e Goldberg), Anja Hennemann parte da súa consideración como dúas *microconstruccions* diferenciadas de acordo cos seguintes esquemas abstractos [construción modal + indicativo], [construción modal + subxuntivo], correspondentes á mesoconstrución [construción modal (de probabilidade) + verbo].

Partindo destes principios e esquemas e da análise dos corpus, a hipótese que defende a investigadora é a de que “el uso del modo influye en el grado de probabilidad expresado por las construcciones” (p. 52), en concreto, “las construcciones con el subjuntivo expresan, por lo general, un grado de probabilidad aún menor que las construcciones con el indicativo” (p. 67). Trataríase, por tanto, en termos funcionalistas, dun caso de oposición indicativo/subxuntivo e non dun caso de alternancia ou variación. Neste punto debemos discrepar da hipótese defendida pola autora (desde a nosa postura funcionalista), por varios motivos: en primeiro lugar, por motivos metodolóxicos; en segundo lugar, pola nosa competencia como falante do español. Desde este segundo punto de vista, a nosa competencia non acredita que entre *tal vez vaya* e *tal vez iré*, *posiblemente vaya* e *posiblemente iré* haxa diferenza no grao de probabilidade. Como sinala a autora, en moitos casos é o contexto o que determina o maior ou menos grado de probabilidade<sup>1</sup>. Agora ben, o principio estruturalista de funcionalidade esixe que as oposicións se establezan por conmutación entre dúas unidades mantendo inalterado o resto da construción. Por tanto, da confrontación de diferentes exemplos nos que a construción aparece en indicativo e doutros nos que aparece en subjuntivo non se pode deducir a existencia de oposición funcional. Cumprindo este requisito de identidade contextual, a nosa competencia dinos que *tal vez vaya* se corresponde co que o noso idiolecto considera correcto, en tanto que *tal vez iré*, sen cualificalo de agramatical, soa estraño (pertencente a outra variedade do español) pero sinónimo. Do mesmo xeito hai que ter en conta outros factores (como a colocación inicial o ou no corpo do enunciado do adverbio de probabilidade, a entoación entre pausas ou no mesmo grupo fónico etc.) que inciden na gramaticalidade da construción porque condicionan a forza reitora do adverbio: *Posiblemente vaya a la fiesta* / *\*Vaya posiblemente a la fiesta* / *?Iré a la fiesta, posiblemente*.

Na nosa opinión, o que existe, por tanto, é un caso de variación diafásica, diastrática, diatópica, incluso diacrónica, nos exemplos manexados no traballo (que inclúe casos de lingua escrita e oral, textos xornalísticos, blogs... de todo o ámbito hispánico). En contra do principio de non sinonimia das formas gramaticais, debe afirmarse que, se existe a sinonimia, é lóxico pensar que tamén se dará entre as formas gramaticais (remito aos múltiples traballos de Alexandre Veiga, especialista recoñecido nos estudos sobre o verbo español, para esta cuestión).

Sirvan estas liñas non como desautorización dun traballo que ofrece moita información sobre o uso dos devanditos adverbios, senón como acicate para continuar nesta complexa liña de investigación.

<sup>1</sup> Obsérvese como o compoñente (+contexto) pasa a formar parte importante da construción: “En otras palabras, se argumentará, por ejemplo, que [*probablemente* + indicativo (+ contexto)] y [*probablemente* + subjuntivo (+ contexto)] o [*tal vez* + indicativo (+ contexto)] y [*tal vez* + subjuntivo (+ contexto)] deben ser consideradas construcciones independientes, ya que constituyen pares de forma y significado diferentes” (p. 53). De acordo con esta importancia do contexto sinala a autora como no exemplo (22) “[...] *Posiblemente* el nuevo Murano *adopte* estos motores o derivados *aunque por el momento no hay nada confirmado*”, a información adicional transmitida pola subordinada concesiva confirma a falta de certeza do enunciado. Isto é certo, pero obsérvese que o mesmo sucedería se se emprega o modo indicativo: “[...] *Posiblemente* el nuevo Murano *adoptará* estos motores o derivados *aunque por el momento no hay nada confirmado*, sen que se aprecie variación significativa.

“Les comparacions i les seues variacions en *La plaça del Diamant* des de la Gramàtica de Construccions: entre usualitat i creativitat” (pp. 73-90), de Pedro Ivorra Ordines (Universidade Pompeu Fabra), constitúe o cuarto capítulo da obra. Como indica o título, o traballo analiza os tipos de construcións comparativas que aparecen na novela *La plaça del Diamant* de Mercè Rodoreda. Este estudo empírico vai precedido dun apartado introdutorio sobre a Gramática de Construcións e a súa importancia na investigación no campo da fraseoloxía desde os seus inicios. Así sinala a contraposición que existe fronte á Gramática Xenerativa, que considera marxinais as unidades fraseolóxicas nos estudos gramaticais. Deste xeito, sinala (p. 75) como os primeiros estudos construcionistas que se publicaron intentaban explicar aquelas estruturas que quedaran relegadas a un segundo plano –periféricas pola súa natureza idiomática e unha aparente improdutividade– e por presentar incompatibilidades coas regras que explicaban as estruturas que formaban parte do núcleo da sintaxe. Por contra, a Gramática de Construcións xorde como resposta á preocupación por parte dalgúns lingüistas por atopar un lugar axeitado desas unidades na gramática. Así, este tipo de unidades cobra un papel relevante que se encadra principalmente no concepto de “construción gramatical”, no que o emparellamento forma-significado permite entender a lingua como un contínuum de idiomaticidade.

As construcións son variadas e admiten diferentes niveis de complexidade e abstracción. As construcións idiomáticas son un tipo de construción. No ámbito máis próximo ao obxecto de estudo (p. 81), Pedro Ivorra considera que as construcións comparativas gramaticais (FORMA: [X ÉSSER ADJ *com* Y] ↔ SIGNIFICAT: ‘X és Adj *com* Y’ p. ex. [*Bruno*] és *alt com el seu germà Manel*) son distintas das construcións idiomáticas intensificadoras (FORMA: [X ÉSSER *alt com un sant Pau*] ↔ SIGNIFICAT: ‘alt’ {intensificació} p. ex. *El Josep Anton Codina és alt com un sant Pau*)<sup>2</sup>. Por outra parte, adoptando un postulado das gramáticas de uso, Pedro Ivorra acepta que a frecuencia (*token frequency, type frequency*) modela a gramática, o alto grao de repetición favorece a convencionalización das categorías e a automatización das secuencias (p. 79).

Neste marco, os últimos apartados están dedicados á análise das construcións idiomáticas intensificadoras presentes en *La plaça del Diamant*, para o que lle serven como punto de referencia diversos corpus e dicionarios fraseolóxicos do catalán e do francés. A comparación con esas obras de referencia permítelle a Ivorra clasificar as construcións en varios tipos: construcións fraseolóxicas lexicalizadas (*com un glop de llet, alt com un sant Pau*), algunha desautomatizada (*quiet com un rata*, que resulta da combinación das construcións como *quiet com una estàtua* e *més covard que les rates*), outras modificadas lexicamente (*petit com un tap*, variación da comparación estereotipada *petit com un tap de cossi*, ou *fosc com un pou*, variación formal de carácter léxico a partir da comparación estereotipada *fosc com una gola de llop*; Pedro Ivorra comproba que moitas destas variacións léxicas obedecen a un calco do francés, como resultado da longa estancia da novelista en territorios francófonos, onde se compuxo a obra: *content com un ocell, magre com un clau, malalta com un gos*). Finalmente, analiza as construcións creadas pola propia autora: *rodona com una bola, fi com un fil de setanta* ou *tou com*

<sup>2</sup> Onde o significado non composicional móstrase entre chaves ({}).



*un préssec podrit*. Un concepto importante que xustifica o carácter intensificador destas últimas construcións (que actúan como comparativas fraseolóxicas a pesar de non estar institucionalizadas) é o de *coerción*, segundo o cal o significado da construción prevalece sobre o das unidades léxicas.

Outra construción fraseolóxica, tamén de carácter intensificador, é a estudada por Belén López Meirama (Universidade de Santiago de Compostela), “[*A todo* + INF]: velocidad e intensificación en una construción fraseolóxica del español” (pp. 91-110). A metodoloxía empregada, como nos casos anteriores, é tamén aquí a da Gramática de Construcións, pois o obxecto de estudo é precisamente unha construción fraseolóxica. “Las construcciones fraseológicas –di a autora– son patrones construccionales recurrentes que se componen de ciertos constituyentes fijos y otros que, aunque son casillas vacías, están sometidos a ciertas restricciones en su combinatoria” (p. 92). Neste caso a construción está formada por dous elementos fixos (*a todo*) e unha casa valeira (*free slot*), un infinitivo: *a todo dar*; *a todo correr*; *a todo meter*...

Adoptando unha perspectiva indutiva, con datos extraídos principalmente do corpus *Sketch Engine Spanish Web 2018* e completados cos académicos, López Meirama realiza un estudo exhaustivo que engloba os trazos formais, semánticos e pragmáticos da construción. Observa así o alto grao de fixación, tanto formal como cognitiva. Presenta tamén a listaxe de verbos que aparecen (os tres mencionados na parágrafo anterior supoñen o 94,61 % da mostra, ao tempo o número de verbos de baixa ou moi baixa frecuencia supoñen a maioría dos 90 verbos rexistrados: 74 aparecen só unha ou dúas veces). Trátase de verbos que prototípicamente expresan sucesos durativos non delimitados que expresan, sobre todo, movemento (*correr*, *andar*; *bailar*; *cabalgar*; *galopar*; *nadar*; *pasar*; *rodar*; *volar* etc.). O significado semántico pragmático é basicamente intensificador (con frecuencia en combinación con duración), o que casa ben co uso predominante no ámbito da vida coloquial.

Para completar a análise a autora estuda as relacións entre esta construción e outras coas que se pode emparentar ou con subtipos: as que seguen o modelo *a todo tardar*, alternante con *a más tardar*, de significado diferente; as que implican reduplicación léxica (tipo *corriendo a todo correr*) e, especialmente, aquelas outras na que a posición non saturada lexicamente está ocupada por un substantivo (*a todo* + SUST, tipo *a toda máquina*, *a toda velocidad*, *a todo trapo*...). Estas dúas (*a todo* + INF, *a todo* + SUST) estarían enlazadas, en opinión da autora, a través dunha conexión de herdanza coa máis abstracta [*a todo* + X].

Para os que temos unha formación principalmente sintactista, a aportación seguinte, “Construcciones fraseológicas y frasesmas gramaticales con *ni incoordinado*” (pp. 111-126), de Manuel Martí Sánchez (Universidade de Alcalá), parécenos sumamente interesante. Como no caso anterior, o estudo de casos vai precedido dunha introdución sobre os fundamentos da Gramática de Construcións que convén coñecer como marco teórico previo, así como das relacións de mutua influencia e interese entre a Gramática de Construcións e a Fraseoloxía. Así menciona a existencia de tres tipos de construcións

(gramaticais, fraseolóxicas e lexicamente plenas). Evidentemente, nesta introdución céntrase nas construcións fraseolóxicas (“Son las más interesantes para la Gramática de Construcciones y, de acuerdo con su posición intermedia entre las construcciones léxicamente plenas (las unidades fraseológicas) y las construcciones gramaticales, son menos estables y más dependientes de contexto”, p. 114) e en relación con elas, nos frasemas gramaticais (“los frasemas gramaticales son las constantes que saturan más habitualmente posiciones de las construcciones fraseológicas”, p. 116), categoría á que pertence o *ni incoordinado*.

A denominación *ni incoordinado* xorde, por paralelismo co concepto de insubordinación, para aplicarse a aquelas unidades de orixe conxuntiva (coordinativa ou subordinativa) que carecen de tal función (–¿Mi hermano? –se rio el Sur–. ¡Pero *ni hablar sabe!*, p. 120, [cursiva nosa, LGG]). De acordo con este feito, Martí Sánchez estuda este uso construtivo en relación cos outros valores de *ni* en construcións gramaticais (*ni* conxuntivo da sintaxe libre) e en construcións lexicamente plenas (*ni más ni menos*). Na súa opinión, estes tres empregos ilustran claramente o contínuum existente entre os tres tipos de construción, entre léxico, gramática e pragmática, ou, noutras palabras, entre técnica libre do discurso e discurso repetido. Martí Sánchez defende a hipótese de que no *ni incoordinado* se produce un proceso de *discursivización* (proceso distinto dos de gramaticalización e lexicalización) polo que se vai perdendo o valor conxuntivo de *ni* en favor doutros adverbiais e de operador pragmático procedemental focalizador escalar. En relación con ese triplo valor, Martí Sánchez dedica a parte final do traballo a discutir se nos achamos ante tres construcións distintas ou ben se se pode encontrar un valor común, constante, do que os distintos usos, valores ou sentidos serían realización concretas. Neste punto, o autor defende que “lo dicho impide hablar de construcciones independientes de *ni*, pero también, de una sola construcción con *ni*, de la que todas las instancias serían constructos suyos. Lo que hay, a nuestro parecer, es una red de construcciones con *ni*, un constructicón”. Trataríase, en definitiva, dun caso máis do *principio de persistencia* de Hopper, segundo o cal o contido procedemental xorde a partir do significado orixinario das unidades, que non desaparece totalmente.

A mesma vinculación coa sintaxe se constata no seguinte capítulo, “Construcciones fraseológicas de valor consecutivo-intensificador” (pp. 127-142), elaborado por Inmaculada Penadés Martínez (Universidade de Alcalá). O obxecto de estudo son dúas construcións fraseolóxicas a) *estar que da saltos de alegría, estar que se sube por las paredes*, que expresan alegría ou enfado, e, de maneira secundaria, b) *una tortilla de patatas que te chupas los dedos*, en esquema [(alguien) *estar* (CUANT POND) *que* X<sub>[verbo / locución verbal]</sub>] e [DE<sub>Tart</sub> ind X<sub>[nombre]</sub> *que* Y<sub>[verbo / locución verbal]</sub>], respectivamente. O estudo destas construcións serve a Penadés Martínez para confirmar a validez dalgúns principios da Gramática de Construcións na análise das unidades fraseolóxicas, se ben noutros casos postula algunha modificación (como a de complementar a oposición polo léxico-polo gramatical con esta outra: polo fraseolóxico-polo non fraseolóxico).

Na súa exposición Penadés pregúntase se estamos ante unha locución adxectiva (atendendo á paráfrase ‘está [moi contento]’, por exemplo) ou ante unha construción fraseolóxica.



A resposta, atendendo á definición de construción dada pola Gramática de Construcións, é a de que se trata dunha construción por cumprir os requisitos que caracterizan a esta unidade (en todo caso, sinala que un dos ocios libres (X, Y) desas construcións pode estar ocupado por verdadeiras locucións, como sucede en *subirse por las paredes*). Con todo, o núcleo do traballo céntrase en analizar a relación entre estas construcións fraseolóxicas intensificadoras e as oracións subordinadas consecutivas (construcións gramaticais consecutivas), coas que gardan unha innegable relación: *se acostaba tan tarde que al día siguiente tenía ojeras, me di un golpe que casi me tienen que llevar al hospital*. Desta relación dá conta mediante os conceptos construcionais de rede e herdanza (*inheritance*). En palabras de Goldberg e Suttle, «constructions are related via an inheritance hierarchy, with more abstract, productive constructions being directly related to their more idiomatic instantiations» (p. 136). En consecuencia, considera a autora que “la construcción fraseológica es, por tanto, una instancia léxicamente parcial de la construcción gramatical consecutiva y hereda de esta la sintaxis y la semántica” (p. 135).

Desde unha perspectiva máis xeral e interlingüística, Valentina Piunno (Universidade da Tuscia, Viterbo) analiza as *combinazioni parzialmente riempite* (CPR): “Le combinazioni di parole parzialmente riempite in alcune lingue romanze. Schematismo e predicibilità semantica” (pp. 143-172). Por CPR refírese ao que noutras terminoloxías (cfr. máis arriba) se denominan *partially lexically-filled constructions* (Goldberg), *Phrasem-Konstruktionen* (Dobrovól’skij) ou *construcciones fraseológicas* (Mellado Blanco e López Meirama). Trátase de unidades caracterizadas por (cita a Ziem, p. 149) a) posuír un valor semántico propio (frecuentemente idiomático), b) a presenza de posicións valeiras, frecuentemente saturadas con unidades típicas, c) a presenza de restricións específicas, d) produtividade, e) relacións con outras construcións. Estas características exemplifícanse coa CPR [*prendere a bastonate / sassate / martellate / testate / sprangate / pallonate / picconate*], da que sinala: «In questo caso specifico, la costruzione [*prendere a* + N<sub><strumento>-ate</sub>] acquisisce il significato di ‘colpire ripetutamente con X<sub>N1</sub>’» (p. 146). A aportación presenta tamén un apartado (“2. Breve stato dell’arte”) no que analiza o tratamento recibido por estas unidades na tradición lingüística (neste caso remóntase a estudos previos á Gramática de Construcións, tales como os de Bally, Frei ou Pottier). Na segunda parte da obra realízase un estudo desde a perspectiva sintáctica e semántica dun conxunto numeroso de CPR, procedentes de corpus do italiano, francés e español (principalmente da familia Ten Ten), que se extraen automaticamente mediante as función *n-grams* (*PoS-grams* cun máximo de 4 posicións). Deste xeito dispón dunha gran cantidade de datos que lle permite facer xeneralizacións sobre as propiedades semánticas, sintácticas, pragmáticas, restricións nas posicións constantes e variables, grado de abstracción ou esquematización, produtividade etc.

Outra achega de carácter xeral sobre estas construcións parcialmente saturadas, agora denominadas *fraseologismi a schema fisso* (FSF), é o elaborado por Elmar Schafroth (Universidade Heinrich-Heine, Düsseldorf), “Fraseologismi a schema fisso - basi teoriche e confronto linguistico” (p. 173-200). Neste traballo tamén se combina o estudo teórico co aplicado, neste caso principalmente ao alemán. Nos apartados teóricos realiza un extenso exame das principais características deste tipo de construción con constituíntes

constantes e variables, sobre as que realiza unha detida análise bibliográfica no que menciona a diversidade terminolóxica que acompaña á construción: *modellierte Bildungen* (Černyševa), *Satzschemata* (Häusermann), *structural formulas* (Fillmore), *Phraseoschablonen* (Fleischer), *constructional schema* (Langacker), *formal idioms* (Fillmore, Kay-O'Connor), *lexically open idioms* (Fillmore-Kay-O'Connor), *semi-preconstructed phrases that constitute single choices* (Sinclair), *idiomatic pattern* (Everaert), *schematic idioms* (Croft-Cruise), *syntactic idioms* (Nunberg-Sag-Wasow), *syntaktische Prägungen* (Feilke), *Modellbildungen* (Burger), *sprachliche Schematismen* (Sabban), *logische Modelle* (Permjakov), *esquemas sintácticos fraseolóxicos pragmáticos* (Zamora Muñoz), *esquema fraseolóxico* (García-Page), *constructional idioms* (Booij, Taylor), *Phrasem-Konstruktionen* (Dobrovolskij). As aportacións dalgúns dos autores citados anteriormente merecen unha atención especial por parte de Elmar Schafroth, o que lle permite perfilar as características destas unidades, mencionadas xa noutras achegas desta obra monográfica. Outros apartados deste capítulo supoñen, pola contra, unha innovación con respecto a outros traballos aquí comentados. É o caso das seccións 5 e 6, nas que trata sobre a posibilidade dun estudo interlingüístico deste tipo de construcións (faceta aínda sen desenvolver) é a relación establecida entre os FSF e outras unidades fraseolóxicas (construcións con verbo soporte, refráns, fraseoloxismos comparativos etc., incluso frases célebres) que poden servir de orixe daqueles. Ao tempo, sinala os trazos que distinguen os FSF doutros fraseoloxismos parecidos como os *Sprichwortmuster* ('modelos proverbiais') e as *Strukturformeln* ('fórmulas estruturais'). Finalmente, a sección 7 dedica a exemplificar algunhas posibilidades de comparación interlingüística de FSF. Primeiro analiza algunhas construcións do alemán que polas súas características considera presumiblemente específicas dunha soa lingua. Despois aquelas que permiten comparación entre linguas. Inclúe aquí construcións estudadas profusamente en diferentes linguas: [*S<sub>I</sub>* PREP *S<sub>I</sub>*] (it. *errori su errori*; esp. *error sobre error*; fr. *faute sur faute*; ingl. *layer upon layer*), as "Incredulity Response Constructions" e o fraseoloxismo de esquema fixo *WXDY*, entre outras.

Cerra este monográfico o traballo de Evelyn Wiesinger (Universidade de Regensburg) "*¿Esto se echa para atrás? Una aproximación a los verbos sintagmáticos en el español peninsular a base de un estudio de corpus de [V para atrás]*" (pp. 201-230). Esta colaboración trata sobre as construcións denominadas "verbos sintagmáticos" (VS) ou "construcións verbo-partículas", das que afirma a autora, "representan, desde la perspectiva de las Gramáticas de Construcciones, *constructional idioms* situados entre los dos polos extremos del *continuum* léxico-gramatical" (p. 202). En realidade trátase máis ben dun estudo sobre a posibilidade de que tales construcións existan en español, dado que nas linguas de marco verbal (*verb-framed*), como son as linguas románicas, está estendida a opinión de que as VS non existen, por oposición ás linguas de marco satélite (*satellite-framed*), como as xermánicas (a terminoloxía é de Talmy). Trátase, por tanto, dun estudo preliminar que agarda máis datos de confirmación.

Este tipo de construcións están formadas por un verbo e un adverbio ou verbo e unha combinación de preposición e adverbio, cal é o caso desta investigación ([*V para atrás*):

*echar para atrás, mirar para atrás*). Deste xeito, para determinar o status das diferentes instancias desta construción como posibles VS (ou *microconstrucións*, en terminoloxía de Traugott e Trousdale) procede á realización dun estudo completo a partir dos datos que proporciona o CORPES XXI, no que ten en conta a frecuencia, a semántica e a sintaxe. O estudo de frecuencias (en total 304 ocorrencias correspondentes a 38 verbos distintos) mostra, como noutros casos, un limitado número de verbos de frecuencia alta, os máis susceptibles de prestarse á fraseolización (*echar, mirar, ir, tirar, volver...*), e un número maior de escasa frecuencia. Aqueles verbos, asemade, os que sometidos a unha análise estatística seguindo o *collostructional collexeme analysis* (de Stefanowitsch e Gries), que determina o seu “nivel de significación estadística” (é dicir, a relación entre a frecuencia observada e a frecuencia esperada en cada combinación), son os que manifestan unha maior atracción coa frase preposicional *para atrás*. Con todo, o apartado máis interesante e máis revelador é o relativo á semántica (dado que a análise sintáctica non ofrece resultados significativos), pois o grao de idiomaticidade semántica é relevante á hora de constatar a existencia de VS. Neste sentido observa como os usos de movemento ficticio e sentido metafórico superan os de movemento concreto no espazo. Deste xeito constata a existencia a lo menos de seis microconstrucións (*echar (para) atrás* ‘repeler’, ‘rechazar’; *tirar para atrás* ‘resultar repulsivo’; *no quedarse atrás* ‘no ser menos que la persona o cosa a que se hace referencia’...), o que lle permite afirmar a “existencia de una red relativamente pequeña de microconstrucciones centradas alrededor de un verbo en conjunto con *para atrás*” (p. 226).

En resumo, como resultado da análise desta obra monográfica, podemos concluír que a suma de todas estas colaboracións constitúe unha contribución decisiva, no plano teórico e na súa aplicación práctica, para os interesados nesta relativamente nova corrente denominada Gramática de Construcións e nas posibilidades que ofrece para a análise de unidades fraseolóxicas consideradas con frecuencia marxinais.

Luis González García

Universidade da Coruña

<https://orcid.org/0000-0003-4335-6528>

